



## INSTRUCCIÓN RELATIVA AO PROCEDEMENTO DE DOUTORAMENTO INDUSTRIAL

### Colaboración da Universidade cunha Empresa ou Administración Pública para o desenvolvemento dun proxecto de investigación industrial ou desenvolvemento experimental

Aprobado polo Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento o 22 de xaneiro de 2020

A UDC promove a realización de Doutoramentos Industriais, nos que a Universidade colabora cunha Empresa pública ou privada (en adiante, Empresa) ou cunha Administración Pública (en adiante, AAPP) para a realización dunha tese de doutoramento no marco dun proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental. A través do Doutoramento Industrial, preténdese a formación de investigadores/as capacitados/as para desenvolver tarefas de I+D e impulsar actividades de I+D+i nunha contorna empresarial, intensificando así a relación da Universidade coas empresas e o impacto social do Doutoramento.

#### 1. Requisitos para a mención “Doutoramento Industrial”

Tal como recolle o Real Decreto 99/2011 no seu artigo 15 bis (Mención Industrial no título de Doutor/a):

1. Outorgarase a mención “Doutoramento Industrial” sempre que concorran as seguintes circunstancias:
  - a) A existencia dun contrato laboral ou mercantil co/a doutorando/a. O contrato poderase celebrar por unha empresa do sector privado ou do sector público, así como por unha Administración Pública.
  - b) O/A doutorando/a deberá participar nun proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental que se desenvolva na empresa ou Administración Pública na que se preste o servizo, que non poderá ser unha Universidade. O proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental no que participe o/a doutorando ten que ter relación directa coa tese que realiza. Esta relación directa acreditarase mediante unha memoria que terá que ser visada pola Universidade.
2. No caso de que o proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental se execute en colaboración entre a Universidade e a empresa ou Administración Pública na que preste servizo o/a doutorando/a, subscribirase un convenio de colaboración marco entre as partes. Neste convenio indicaranse as obrigas da Universidade e as obrigas da empresa ou Administración Pública, así como o procedemento de selección dos/as doutorandos/as.  
O/A doutorando/a terá un/unha titor/a de tese designado/a pola Universidade e un/unha responsable designado/a pola empresa ou Administración Pública, que poderá ser, no seu caso, Director/a da tese de acordo coa normativa propia de Doutoramento.

Código Seguro De Verificación	J76tE40Q8xcGP1hIzSnmw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	28/07/2021 14:31:29
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/J76tE40Q8xcGP1hIzSnmw==">https://sede.udc.gal/services/validation/J76tE40Q8xcGP1hIzSnmw==</a>		



## 2. Proxectos de investigación industrial e de desenvolvemento experimental

Considérase **proxecto de investigación industrial** a investigación planificada ou os estudos críticos que teñen por obxecto a adquisición de novos coñecementos e técnicas que poidan resultar de utilidade para a creación de novos produtos, procesos ou servizos, ou contribuír a mellorar considerablemente os produtos, procesos ou servizos existentes. Inclúe a creación de compoñentes de sistemas complexos que sexan necesarios para investigación industrial, especialmente a validación de tecnoloxía xenérica, salvo os prototipos.

Considérase **proxecto de desenvolvemento experimental** a adquisición, combinación, configuración e emprego de coñecementos e técnicas xa existentes, de índole científica, tecnolóxica, empresarial ou doutro tipo, con vistas á elaboración de plans e estruturas ou deseños de produtos, procesos ou servizos novos, modificados ou mellorados. Poderá incluír, por exemplo, outras actividades de definición conceptual, planificación e documentación de novos produtos, procesos e servizos. Entre as actividades poderá figurar a elaboración de proxectos, deseños, plans e demais tipos de documentación a condición de que non vaia destinada a usos comerciais.

## 3. Duración mínima do proxecto desenvolvido na Empresa ou Administración Pública

A parte do proxecto desenvolvida na empresa/AAPP na que se preste o servizo, que non poderá ser unha Universidade, deberá ter unha duración mínima de 18 meses, que deberán estar comprendidos dentro do período de elaboración da tese.

## 4. Duración mínima do contrato laboral ou mercantil

A duración do contrato laboral ou mercantil co/a doutorando/a deberá ser de un mínimo de 18 meses, que deberán estar comprendidos dentro do período de elaboración da tese.

## 5. Selección de doutorandos/as para un doutoramento industrial

Os/as doutorandos/as serán seleccionados/as conxuntamente polos/as responsables do proxecto a desenvolver na empresa/AAPP e na Universidade da Coruña.

Ademais, deberán estar admitidos nun Programa de Doutoramento da UDC, de acordo cos requisitos de acceso e admisión da Universidade, quedando obrigados a matricularse en dito programa cada curso académico.

A todos os efectos, estarán afectados pola normativa da UDC, contando cos mesmos dereitos e obrigas que o resto de doutorandos/as da Universidade.

## 6. Supervisión e Dirección da Tese

O/A doutorando/a contará con:

- un/unha titor/a designado/a pola Comisión Académica do programa de doutoramento (CAPD).
- un/unha responsable designado/a pola empresa/AAPP na que preste o servizo.
- unha dirección de tese que poderá estar formada:
  - o só con persoal da UDC (un ou dous directores).
  - o con persoal de ambas partes: un/unha director/a da UDC e un/unha director/a da empresa/AAPP.

En calquera caso, titor/a e director/es deberán cumprir os requisitos establecidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	J76tE40Q8xcGP1hIzSnmw==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	28/07/2021 14:31:29
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	2/3
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/J76tE40Q8xcGP1hIzSnmw==">https://sede.udc.gal/services/validation/J76tE40Q8xcGP1hIzSnmw==</a>		



## 7. Convenio entre a UDC e a empresa ou Administración Pública

No caso de que a dirección ou co-dirección da tese recaia nun/nunha profesor/a da UDC, subscribírase un convenio de colaboración entre as partes. Neste convenio indícaranse as obrigas da UDC e da empresa/AAPP, así como o procedemento de selección do/a doutorando/a. O convenio estará en vigor durante a fase de colaboración entre a UDC e a Empresa/AAPP para o desenvolvemento da tese.

Cando a dirección da tese recaia unicamente sobre un doutor/a da Empresa/AAPP, non se requirirá a formalización do convenio de colaboración. Neste caso, o/a titor/a da UDC será responsable de garantir a adecuación do traballo desenvolto na tese de doutoramento e a formación do/a doutorando/a de acordo cos requisitos do programa de doutoramento.

## 8. Solicitude da mención de “Doutoramento Industrial”

Para optar á mención “Doutoramento Industrial”, o/a doutorando/a deberá incluír na presentación da solicitude de depósito da tese a correspondente **solicitude da mención “doutoramento industrial” no título de doutor/a**, acompañada da seguinte documentación:

- **Copia do contrato laboral ou mercantil** do/a doutorando/a.
- **Memoria do proxecto** de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental realizado, co informe da CAPD que acredite que dito proxecto ten relación directa co tema da tese.
- **Convenio** entre a UDC e a empresa/AAPP (de proceder).

Asinado dixitalmente pola Vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente

<b>Código Seguro De Verificación</b>	J76tE40Q8xcGP1hIzSnmw==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	28/07/2021 14:31:29
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	3/3
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/J76tE40Q8xcGP1hIzSnmw==">https://sede.udc.gal/services/validation/J76tE40Q8xcGP1hIzSnmw==</a>		

